

ADDENDA DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

(Modificación sobre a avaliación segundo a ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia)

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

IES AS TELLEIRAS CURSO 21/22

Este documento ten por obxecto actualizar a programación didáctica do Departamento de Lingua Galega e Literatura para o curso 2021-22, en referencia a dous apartados incluídos na ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Estes apartados serán o Artigo n.º 7, Avaliación, e o Artigo n.º 15 título de Bacharel.

No que respecta ao Artigo nº 7, Avaliación, e tendo en conta o que di no punto número 8, este departamento considera o seguinte:

- 1.- Os criterios xerais sobre a avaliación, cualificación e promoción serán os determinados na programación didáctica ao inicio de curso.
- 2.- O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación segundo as necesidades detectadas no noso alumnado, previo informe individualizado.
- 3.- As actividades de apoio, reforzo e recuperación realizaranse co fin de preparar ao alumnado de cara á realización dunha actividade final que servirá para superar a materia no caso daqueles alumnos/as que o precisen.
- 4.- As actividades de ampliación serán aquelas a realizar polo alumnado que xa teña superada a materia e serán tarefas encamiñadas a reforzar e potenciar a lingua oral e escrita.